

*VIII.—NORMAS DE XESTION**ARTIGO 8º*

1.—Para poder gozar dos aproveitamentos especiais e utilizacións privativas de vía pública, os interesados deberán solicitar a oportuna licenza.

2.—As solicitudes contarán en todo caso cos seguintes datos: nome, apelidos e D.N.I, ou razón social e C.i.f. do solicitante, domicilio fiscal e situación de aproveitamento.

3.—Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigación as declaracións formuladas polos interesados concedéndose as licenzas de non atopar diferentes coas peticións.

Se se desen diferentes coas declaracións, notificaránselles aos interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias con aplicación dos xuros de demora e a sanción correspondente.

4.—En caso de denegarse as autorizacións, procederá a devolución dos importes ingresados.

5.—Non se poderá gozar dun aproveitamento da vía pública ata que fose ingresado o importe das taxas e fose outorgada a correspondente licenza.

6.—Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial conlevase a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa a que houbese lugar, estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ao depósito previo do seu importe.

Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe do deterioro dos danados.

O Concello non poderá condonar total ni parcialmente as indemnizacións e reintegros aos que se refire esta alínea.

7.—O goce dun aproveitamento sen licenza ou por superficie ou duración superior á que figurase naquela será sancionado pola Alcaldía de acordo co desposto no artigo 21 k da Lei 7/1985 de 2 de Abril Reguladora das Bases de Réxime Local e restante normativa de aplicación.

*IX.—INFRACCIONS E SANCIONES**ARTIGO 9º*

No relativo ás infraccións tributarias desta Ordenanza, así como as súas cualificacións e sancións, atenderase ao desposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICION DERRADEIRA

Esta Ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**— MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHICULOS
DE TRACCION MECANICA.**

“Modifícase a Disposición final e o ANEXO; engádeselle o Artigo 5º, e suprímese a Disposición Transitoria, quedando polo tanto da seguinte maneira:

ARTIGO 5º.—EXENCION E BONIFICACIONES

1.—Estarán exentos do Imposto:

- a) Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá
- b) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ao traslado de feridos ou doentes.

- c) Os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo. Esta exención se aplicará en tanto se menteñan ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos para persoas con discapacidade como aos destinados a seu transporte. Presúmese que o vehículo é conducido por persoa con discapacidade canco esta última conste como conductor/a habitual na póliza do seguro do vehículo.

A exención prevista no parágrafo anterior non resultará aplicable aos suxeitos pasivos beneficiarios dela por máis dun vehículo simultaneamente.

A efectos do desposto neste parágrafo, se considerarán persoas con minusvalía os que teñan esta condición legal en grao igual ou superior ao 33 por 100.

- d) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da Cartilla de Inspección Agrícola..

2.— Gozarán dunha bonificación do 50 por 100 da cota do imposto:

- a) Os vehículos con antigüidade mínima de 25 anos contados a partir da data de fabricación. Se esta non se coñecera, tomarase como tal a da súa primeira matriculación, ou, no seu defecto, a data en que o corresponde tipo ou variante deixara de fabricarse.

Nos casos en que a documentación oficial do vehículo ofrezca dúbidas sobre a data de primeira matriculación e/ou fabricación, debera acreditarse con certificado expedido pola firma fabricante.

- b) Os vehículos catalogados como “históricos” polo organismo competente.

Para poder aplicar as exencións a que se refiren os parágrafos c) e d) do apartado 1 deste artigo, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio. Declarada a exención pola administración municipal, se expedirá un documento que acredite a súa concesión.

En relación coa exención prevista no parágrafo c) do apartado 1 anterior o interesado deberá aportar o certificado da minusvalía emitido polo órgano competente e xustificar o destino do vehículo ante o Concello da imposición, nos termos que éste establezca na correspondente ordenanza fiscal”

Xunto coa solicitude de exención regulada no parágrafo c) do apartado 1 do art. 93 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, os minusválidos ou discapacitados que sexan suxeitos pasivos deberán achegar orixinais ou fotocopias compulsadas da seguinte documentación:

VEHICULO CONDUcido POR PERSOAS CON DISCAPACIDADE:

- Certificado do grao de minusvalía expedido pola Consellería competente da Xunta de Galicia, na que conste o grao e o carácter temporal ou definitivo da mesma.
- Permiso de condución (anverso e reverso).
- Permiso de circulación do vehículo para o que se solicita a exención, a nome do minusválido.
- Póliza do seguro de vehículo na que figure a persoa minusválida como conductor do mesmo, debidamente asinada pola compañía de seguros e polo asegurado, así como o último recibo de pagamento a efectos de confirmar a vixencia da póliza.
- DNI ou documento que acredite fehacientemente a identidade do solicitante.
- Declaración responsable de que se trata dun vehículo destinado en exclusividade para o uso de persoa discapacitada.

VEHICULOS DESTINADOS AO TRANSPORTE DE MINUSVÁLIDOS:

- Certificado do grao de minusvalía expedido pola Consellería competente da Xunta de Galicia, na que conste ademais do grao de minusvalía o carácter temporal ou definitivo da mesma e se a persoa discapacitada ten dificultades de mobilidades que lle impidan a utilización de transporte colectivo.
- Permiso de circulación do vehículo para o que se solicita a exención a nome do minusválido.

- Póliza do seguro de vehículo a nome do minusválido debidamente asinada pola compañía de seguros e polo asegurado así como o último recibo de pagamento a efectos de confirmar a vixencia da póliza.
- DNI ou documento que acredite fehacientemente a identidade do solicitante.
- Declaración responsable de que se trata dun vehículo destinado en exclusividade para o transporte da persoa discapacitada

DISPOSICION FINAL

1. A presente ordenanza aplicarase o 1,3 de coeficiente sobre a cuota recollida no Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo do texto refundido da Lei das Facendas Locais.
2. A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

A N E X O :

Potencia e clase de vehículo.

A. – Turismos

De menos de 8 cabalos fiscais	16,85 €
De 8 ata 11,99	45,49€
De 12 ata 15,99	96,04€
De 16 ata 19,99	119,63€
De 20 adelante	149,53€

B. – Autobuses

De menos de 21 prazas	111,21€
De 21 a 50 prazas	158,39€
De mais de 50 prazas	197,99€

C) Camions

De menos de 1000 kg de carga útil	56,44€
De 1000 a 2999 kg carga útil	111,21€
De mais de 2999kg a 9999 kg de carga util.	158,39€
De mais de 9999kg carga útil.	197,99€

D) Tractores

De menos de 16 cabalos fiscais	23,59€
De 16 a 25	37,07€
De mais de 25 cabalos	111,21€

E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:

De 750 a 1.000kg de carga útil	23,59€
De 1.000 a 2.999 de carga útil.	37,07€
De máis de 2.999 kg de carga útil.	111,21€

F) Vehículos

Ciclomotores	5,90€
Motocicletas ata 125 c.c	5,90€
Motocicletas de máis de 125 c.c. ata 250 c.c.	10,10€
Motocicletas de 250 c.c ata 500 c.c	20,23€
Motocicletas de máis de 500 c.c. ata 1.000c.c	40,44€
Motocicletas de máis de 1.000 c.c	80,87€”

**– ORDENANZA FISCAL DA TEXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL
CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, REBO, VALOS, PUNTAIS ASNILLAS,
ESTADAS E OUTRAS INSTALCIÓNS ANÁLOGAS.**

ARTIGO 1º.–FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.20 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e de conformidade co desposto nos artigos 15 a 19 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Pontearreas establece a taxa por ocupación de terreos de uso público local con mercaderías, materiais de construción, rebo, valos, puntais, asnillas, estadas e outras instalacións análogas, a que se refire o artigo 20.3g) do citado R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, atendendo as súas normas ó desposto no artigo 57 do citado R.D. Lexislativo.

ARTIGO 2º.–FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta taxa a realización da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local con:

- Valos, guindastres, elevadores, estada e outras instalacións semellantes.
- Puntais, asnillas e toda clase de apeo dos edificios.
- Ocupación con mercaderías, materiais de construción, rebo ou outros elementos similares. Cortes de rúas para ubicación de calquera dos elementos anteriores.

ARTIGO 3º.–BENEFICIOS FISCAIS

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos nas normas con rango de Lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4º.–SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que resulten beneficiadas pola utilización ou aproveitamento especial do dominio público local, ben a través da oportuna licenza solicitada polo contribuínte ou ben de oficio se constata o feito imponible desta taxa a traves dos informes da inspección de tributos ou da policía local.

ARTIGO 5º.–RESPONSABLES

1.Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2.Serán responsables subsidiarios o administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de rebas, concursos sociedades en entidade en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.